

A CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE "TI ES O PROTAGONISTA" DE ADOS ACHEGARASE A VINDEIRA SEMANA ATA OS CONCELLOS DE A LARACHA, RIBADAVIA E CARBALLO

A campaña especial de doazón de sangue nos meses de verán "Ti es o protagonista", que promove a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), chegarase aos concellos de A Laracha, Ribadavia e Carballo, os días martes 1, xoves 3 e venres 4 de agosto, respectivamente. Con esta iniciativa ADOS quere por en valor o papel dos doantes de sangue e convidar á cidadanía a participar activamente nas campañas de doazón de sangue. ADOS lembra que todos os días do ano, mesmo nos meses de verán, resulta preciso obter entre 400 e 500 doazóns de sangue para abastecer aos hospitais galegos.